

Estudos sobre fidalguía e padroádego artístico na obra de Olga Gallego Domínguez

Yolanda Barriocanal López

O estudo das relacións entre a obra de arte e os seus comitentes foi sempre un tema complexo e fascinante. Artistas e artesáns, grandes e pequenos mecenas xustifican o nacemento das obras de arte, dende as solucións máis monumentais ás máis humildes, compoñendo o panorama da vitalidade e da diversidade do mundo artístico.

Se durante décadas de labor historiográfico os artistas e as súas obras concitaron a atención dos estudosos, agora contémpase a necesidade de coñecer tamén as persoas e institucións que as promoveron, para que a súa creación non se vexa como unha simple cadea de feitos illados, senón como parte dun todo indisoluble, contempladas dentro dos contextos orixinais nos que naceron. Así e todo, non proliferan os estudos que aborden o fenómeno do padroádego artístico fóra dos grandes exemplos, faltando traballos sobre a incidencia e a evolución do fenómeno nos focos provinciais.

As decisivas achegas feitas por Olga Gallego, dende a súa dobre faciana como arquiteira e como historiadora, ao estudo da nobreza a través dos fondos documentais, fragmentarios e dispersos, fundamentalmente os arquivos das propias casas e os protocolos notariais, achégannos ao coñecemento desta nobreza de segunda categoría no estamento nobiliario, "unha nobreza e fidalguía provincial e nunha boa parte ruralizada", segundo súas propias palabras. A orixe das casas fidalgas, a fundación de vínculos e morgados, as vías de ascenso, as abondas compravendas, foros, arrendos, dentro da afanosa carreira de atesouramento de rendas e poder, as alianzas matrimoniais, os longos e acalorados preitos, e a procura de novos camiños de promoción en cadros administrativos e militares, son as múltiples miradas que a autora dirixe sobre a andadura histórica deste estamento nobiliario que tamén soubo apreciar o valor que tiñan as artes como pode-

roso instrumento para a construción dunha imaxe de prestixio e poder, construíndo ou reedificando nobres pazos nos seus lugares orixinais e dotando co seu padroádego igrexas e capelas.

Nunha época, como a do Antigo Réxime, en que a imaxe e a ostentación constituían manifestacións esenciais do poder. Quen encargaba unha obra buscaba que, á marxe das calidades estéticas, expresase con claridade a súa xerarquía e posición social, como deixan entrever algunhas destacadas actuacións de carácter civil e edilicio que Olga estuda, caso do pazo renacentista dos Oca, ou xa no século XVIII a reedificación polo conde de Troncoso da coñecida como casa dos Zúñiga, que conforman algúns dos edificios civís máis emblemáticos do tecido urbano de Ourense.

Fóra destas manifestacións, o marco da morte concentrou o groso das actuacións, pois algúns particulares, desexosos de asegurarse unha última morada acorde co seu status, edificaron capelas funerarias nos templos do seu padroádego, sendo un bo exemplo a capela dos Altamirano na igrexa de Santa María la Mayor de Trujillo (Cáceres), que acabarían por residir en Galicia, entroncando con outras nobres familias.

En terras galegas, a construción do Colexio da Compañía dos Xesuítas, en Monforte de Lemos, obra cimeira do clasicismo postherrero, promovida polo cardeal Rodrigo de Castro, posibilitou a irradiación do estilo grazas ao mecenado dalgunhas liñaxes con el relacionados, como os Losada de Trives ou os Cadórniga da Mezquita. Os primeiros, aproveitando as especiais circunstancias que lles brindaba a chegada a Monforte do arquitecto milanés Vermondo Resta, para a ampliación e mellora do pazo da Freiría, e os segundos promovendo o panteón familiar na igrexa de San Martiño da Mezquita, onde interveu o mestre Simón de Monasterio, grazas a outro prócer galego, Antonio Pimentel, chantre e cóengo da catedral hispalense.

No proceso de creación artística, o patrón tiña un papel tan importante como o do propio artífice. Só o incansable tesón de Olga Gallego e o seu coñecemento das fontes documentais per-

mite coñecer o proceso de consolidación destes señoríos no sur ourensán, contextualizando estes ambiciosos proxectos e a correcta comprensión da difusión dos modelos culturais. Pero o seu empeño non queda aí, facendo en cada caso a reconstrución xenealóxica destas familias ao longo dos séculos, de xeración en xeración, coa sucesión dos seus títulos, propiedades e dereitos, ata a súa disolución, convertendo os resultados desta sistemática masa documental nunha sólida achega para a historia social.

Se dende a óptica da historia da arte se persegue o enfoque global e a comprensión total dos fenómenos artísticos, representa un privilexio ter colaborado con Olga Gallego nestes últimos traballos, e grazas ao seu maxisterio afondar nos modelos de padroádego, poñendo de manifesto a influencia destes comitentes na configuración e na evolución estilística da arte galega, posibilitando que as obras poidan ser non só admiradas senón tamén comprendidas.

Ademais de poder abordar estes fenómenos dende distintos campos de estudo, os que temos a oportunidade de traballar a carón de Olga sabemos da súa xenerosidade e merecemento deste Premio Trasalba por un labor infatigable ao servizo da cultura e pola magnitude dunha obra en plena vitalidade creadora ■

Verbas de homenaxe a Olga Gallego

Isabel Blanco

Cando Pablo Sánchez Ferro, un dos promotores desta publicación, me chamou para solicitarme un breve texto-homenaxe sobre Olga Gallego, recoñezo que me entrou medo e dixen que non podía, pois ¿que podería engadir eu ás verbas que personalidades, amigos e compañeiros de Olga dedicaron con moito acerto nas diversas homenaxes que ultimamente vén recibindo? Pablo insistiu, volvíndome dicir que non, alegando que a miña axenda estaba completa neses días e Pablo volveu insistir, intelixentemente, aludindo á miña condición actual de presidenta de ANABAD-Galicia e a que a calidade humana e profesional de Olga ben merecía o esforzo. Ante estes argumentos irrefutables, a miña resistencia non puido continuar e aceptei sen ter claro cal debería ser a orientación do meu texto.

Finalmente, despois de reflexionar, e dende o convencemento de que non podo expresar mellor o xa dito sobre Olga, concluí que a miña homenaxe particular debería ser o feito de compartir con Olga, e con todos aqueles interesados, as miñas vivencias con ela, e para isto penso que o formato que mellor se adapta a este obxectivo é a carta persoal.

Querida Olga:

Probablemente ti non sexas consciente do regalo que me fixeches o día 22 de xuño do 2006 cando o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, che entregou unha das medallas Castelao dese ano. Eu estaba alí, no Convento de San Francisco, en calidade de presidenta de ANABAD-Galicia, emocionada e orgullosa de ti tanto como persoa como profesional. Nese intre sentín que non só ti recibías ese honor, esa medalla outorgábasenos a todos os arquivistas e bibliotecarios galegos como recoñecemento ao noso traballo diario, invisible e silencioso pero con moita e positiva repercusión social cando ten os apoios necesarios. Ese recoñecemento viña a compensar